

ACTA DO PROCESO SELECTIVO CELEBRADO PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS ADMINISTRATIVAS E DE ATENCIÓN AO PÚBLICO VINCULADAS ÁS ACTIVIDADES INCLUÍDAS DENTRO DO PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA DO CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)

Con data 6 de febreiro de 2023 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para a contratación laboral temporal de un/unha Auxiliar Administrativo, segundo as bases aprobadas en xaneiro de 2023 (convocatoria publicada no xornal Ideal Gallego).

Persoas Presentadas:

1.- Laura María Sánchez García

Admitidos/as:

1.- Laura María Sánchez García

Sendo as 10.00 horas do día 9 de febreiro de 2023 constitúese no Castelo de Santa Cruz, sede do CEIDA, o Tribunal de Selección para designar a persoa que cubrirá con carácter indefinido 1 praza de Auxiliar Administrativo para o PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA do CEIDA.

Comparecen os seguintes membros da Comisión de Selección :

- Presidente : D. Carlos Vales Vázquez
- Vogal 1 : D. Carlos Aymerich Cano
- Vogal 2 : D. Manuel Ramón Lema Pombo
- Secretaria : Dna. Carmen Borobio Vázquez

Á hora sinalada da comezo a fase de concurso coa análise do curriculum presentado e posteriormente comeza a fase do oposición coa realización da entrevista persoal á aspirante e a defensa da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración dos curriculums son os seguintes :

a) Formación(ata un máximo de 5 puntos):

1. Por estar en posesión dalgún dos títulos esixidos na base 3.5 das bases: 2 puntos.
2. Por cada titulación superior á requirida para participar na presente convocatoria : 0,5 puntos.
3. Pola acreditación de asistencia a cursos de especialización relacionados co posto de traballo:
 - Formación de menos de 15 horas: 0,05 puntos cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 15 e menos de 30 horas: 0,10 cada un ata un máximo de 0,5 puntos.
 - Formación de máis de 30 horas: 0,25 cada un ata un máximo de 1 punto.

b) Experiencia profesional (ata un máximo de 5 puntos):

1. Por exercicio profesional como Auxiliar Administrativo: 0,5 puntos por cada 3 meses ata un máximo de 3 puntos.
2. Por outros méritos desenvolvemento de actuacións vinculadas ao posto de traballo: ata un máximo de 2 puntos.


Fase de concurso: máximo 10 puntos.

Unha vez rematada a fase de concurso, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase concurso
Laura María Sánchez García	9,30

Posteriormente, comeza a fase de oposición no que se procede á entrevista profesional e á valoración da Memoria presentada. Os baremos establecidos para a valoración da entrevista e a memoria son:

A memoria e a entrevista serán avaliadas de xeito conxunto sobre un máximo de 15 puntos, dos que un máximo de 10 puntos poderán ser outorgados á memoria e 5 puntos á entrevista curricular.

Fase de oposición: máximo 15 puntos.

Unha vez rematada a fase de oposición, a puntuación obtida é a seguinte:

Candidato/a	Puntuación fase oposición
Laura María Sánchez García	15

Finalmente, unha vez rematado o proceso selectivo, a puntuación obtida pola candidata é a seguinte


Candidato/a	Puntuación final
Laura María Sánchez García	24,30

De acordo coa puntuación obtida, acórdase conceder a praza á seguinte aspirante:

Praza de Auxiliar Administrativo para o desenvolvemento das Tarefas Administrativas e de Atención ao público incluídas dentro do PROGRAMA PARA UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA do CEIDA

- **Laura María Sánchez García**


Ás 10.40 horas dáse por finalizado o acto do que eu, como secretaria do Tribunal de Selección dou fe, asinando a presente acta en proba de conformidade, tódolos membros da mesma, presentes en dito acto.



Asdo. D. Carlos Vales Vázquez
Presidente do Tribunal



Asdo. D. Carlos Aymerich Cano
Vogal 1 do Tribunal



Asdo. D. Manuel Ramón Lema Pombo
Vogal 2 do Tribunal



Asdo. Dña. Carmen Borobio Vázquez
Secretaria do Tribunal

